

# UN BRINDE DE CEN ANOS

Antonio Vázquez Turnes

*"Que che sexa propicia a lembranza  
cando abras as portas do recordo  
e voltes polas rúas cheas de inverno  
á procura das horas máis felices."*

*Xesús Manuel Valcárcel*

Neste anaco de poema está concentrado un sentir e unha actitude que temos os que admiramos, queremos e participamos na Festa do Viño da Ulla. Porque a lembranza é propicia: voltamos, xuntámonos e compartimos con amigos e veciños a quedada por abril.

O Carballo das Mentiras escoita cómplice as desculpas por outros compromisos non cumpridos e sabe que en Sarandón todos xuramos promesas de fidelidade remozada cando canta o cuco e o chan esperta estrado de camelias e mimosas marchas.

No alto, coa maxestuosidade de sempre, o Pino Manso, loita pola supervivencia nas meniñas abraiadas dos ollos dos mais novos, exerce o seu maxisterio de resistente cos mais grandes e saúda a nosa chegada cun lene aboiar de faíscas.

Ao noso arredor rebolen os que, coma nós, andan na procura das miradas coñecidas, un explorar rutinario, repetido e sempre novo. Nun rebusque de olladas mesturadas certificamos a nosa asistencia ca testemuña notarial dos ollos dos outros. Porque na Festa do Viño só nos outros somos nós e ninguén é invisible. E si non hai reciprocidade nas miradas abrimos as portas dos recordos para traer connosco aos ausentes. Ninguén falta en Sarandón.

O río Ulla carreta canizadas de historias desde moi lonxe e no seu balbordo, entre penedos e ameneiros, asolagado de bágoas por Anisia Miranda, escóitalle a Neira Vilas, teso e insubornable apóstolo da lingua, contar a memoria de nós mesmos cas verbas de Balbino, falar apaixonadamente da cubana mais galega e regalarnos as vidas de tantos galegos e galegas que fixeron vida do outro lado do horizonte a onde leva os contos o noso río cando atravesa o Atlántico.

Alí, en América, tamén están abrindo as portas dos recordos e preparan o 1º Centenario das Sociedades de Vedra en Buenos Aires. Cen anos de esforzos amasados coas bágoas e o sangue da xenerosidade para seguir unidos á Terra. Cen anos de loita mantendo vivas as raíces. Cen anos levando aceso o nome de Vedra nos papeis, na fala e nos corazóns. Cen anos de soños e pesadelos abrigados na esperanza do camino de volta que adormecen en Chacarita.

E aquí, co espírito da festa, descubrimos a nosa historia de pobo emigrante, recoñecemos nos nosos veciños da outra beira do mar centos de experiencias regaladas aos fillos na lingua do río Ulla. Cen anos despois seguen a compartir as nosas celebracións. Cen anos moitos anos.

Teño o atrevemento de propoñer desde esta pequena nota que no momento central da Festa do Viño, desde o palco se convide a tódolos asistentes a unirse nun brinde comunitario polo Centenario das Sociedades Parroquial e Municipal de Vedra en Buenos Aires. Porque 100 anos paga a pena festexalos e desde o outro lado do mar farán o mesmo, así desde o Ulla ata o Río da Plata construiremos o maior campo de festa que houbo nunca. Brindaremos por outros 100 anos mais. E tódolos visitantes levarán de volta os seus fogares a imaxe dun pobo que non esquece a súa historia. Porque non hai distancia para os corazóns que brindan xuntos. Así ninguén falta en Sarandón e tódalas miradas terán resposta de complicidade.

En abril o Ulla, o Carballo das Mentiras, o Pino Manso, Sarandón e Buenos Aires acóllennos na presenza e na memoria. E cando cheguen as camiñatas polas nosas rúas de inverno teremos para quecer as nosas lembranzas dos días felices da Festa do Viño da Ulla. Cunha copa de viño brindamos xuntos na fala de Balbino por mil primaveras mais.

**Antonio Vázquez Turnes**